

Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*DECRETO DE ALCALDÍA RELATIVO Á AMPLIACIÓN DO USO DO SELO DE ÓRGANO
DE SECRETARÍA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA*

Expediente: 2020/AE/000003

ANUNCIO

En data 28 de abril de 2020 ditouse o seguinte decreto:

*“DECRETO DE ALCALDÍA RELATIVO Á AMPLIACIÓN DO USO DO SELO DE ÓRGANO DE SECRETARÍA
DO CONCELLO DE PONTEVEDRA*

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recolle coas adaptacións necesarias, as normas de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, no relativo ao funcionamento electrónico do sector público.

Así, regula no seu artigo 40 os sistemas de identificación das Administracións públicas, indicando que poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

Os certificados de selo electrónico son necesarios para garantir a autenticidade e integridade dos datos asinados electronicamente.

Por outra parte o artigo 41 define as actuacións administrativas automatizadas como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñera de forma directa un empregado publico. Recoñecendo no apartado a) do artigo 42, que cada administración pública poderá determinar os supostos de utilización de selo electrónico de administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

Por Decreto da Alcaldía, de data 29.02.2016, creouse o selo electrónico de Secretaría deste Concello, para posibilitar a actuación administrativa automatizada que dea resposta a devolución do xustificante da documentación presentada no rexistro electrónico, a constancia da imaxe da documentación presentada no rexistro presencial así como á publicación de anuncios no taboleiro de anuncios electrónico.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: ZZ6J5U0DSML0IOG



Venres, 8 de maio de 2020

Núm. 87

Posteriormente por Decreto alcaldía de data 26.04.2018 ampliouse o uso do selo electrónico de secretaría, para asinar os avisos que se xeran na aplicación de xestión de procedementos electrónicos.

Coa xeración dos libros electrónicos de resolucións segundo o indicado no artigo 2 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas resulta necesaria novamente a ampliación do uso do Selo de Secretaría, posto que durante a elaboración dos mesmos prodúcese a xeración do índice de forma automatizada o que resulta asinado co Selo de Secretaría.

En consecuencia sendo precisa a ampliación do uso do Selo de Secretaría deste concello e en uso da competencia atribuída polo artigo 124.4 ñ) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, e polo que,

DECRETO:

Primeiro.—Ampliar o uso do selo de secretaría, respecto dos autorizados nas resolucións de alcaldía de 29/02/2016 e 26/04/2018 para asinar os índices que se xeran de forma automatizada coa elaboración dos libros de resolucións electrónicos.

Segundo.—O presente decreto publicarase na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así o manda e asina a Alcaldía, en Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica, do que da fe a secretaría da administración municipal”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos

Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica

